

Informe remitido pola Xunta Directiva da S.G.H.N. en Ourense o 14-11-2001 ó Ministerio de Medio Ambiente, o 28-11-2001 ó Ministerio de Pesca y Alimentación e o 08-02-2002 á Deputación Provincial de Ourense en relación ó Proxecto de estación de esquí en Pena Trevinca (Ourense)

Dende hai pouco máis dun ano un particular intenta por tódolos medios vender á opinión pública un proxecto titulado "Estación de Esquí e Montaña en Pena Trevinca. A Veiga (Ourense)". Como iste proxecto se ubica nuha zona ourensana de alta monta a con valores naturais relevantes, a **Delegación da Sociedade Galega de Historia Natural en Ourense** realizou a seguinte análise baseado na información recollida nos medios de comunicación social, entrevistas e datos propios.

Dacordo co anterior, o promotor garantiza:

O éxito económico do proxecto.

Postos de traballo

Respeto para o medio ambiente.

1.- Antecedentes.

1.1.- Custe do proxecto.

Nun principio falouse dunha inversión de 6000 millóns de pesetas, que logo reducíronse a 4000, aunque parece que serían 4.500 a invertir en dúas fases. Para conseguir esta cantidade, o autor do proxecto propón a formación dunha entidade xurídica cun capital social de 1000 millóns de pesetas que aportarían: as Comunidades Autónomas de Galicia e Castela-León; as Deputacións de Ourense e Zamora; os Concellos de A Veiga e Porto, a Comunidade veciñal e outras persoas físicas e xurídicas. Así, a Comunidade veciñal aportaría o 5% en terreos, a iniciativa privada o 10/20% e as entidades públicas, o 75/85% restante.

Dise que a inversión estimada para a 1 fase é de 3.200 millóns de pesetas, dos cales un 40% (aprox. 1.300 millóns) preténdense extraer de subvencións oficiali (Fondos Europeos, Estado,

Autonomía) e o 60% restante (aprox. 1.900 millóns) de "Aportacions" financiadas con créditos e hipotecas.

1.2.- Postos de traballo

Prométense 80 directos e máis de 240 indirectos. Sen embargo afirmase que a explotación funcionaría 150 días o ano como máximo; con 100 días de baixa actividade e 50 de alta. O persoal necesario calculado, é de 30 persoas para o período baixo e 60 para o alto.

1.3.- Respeto para o medio ambiente

A estación de esquí situaríase no lugar denominado "O Chouzo do Escabadoiro" (U.T.M. 29TPG8078), no concello ourensano de A Veiga, o sur do de Carballeda de Valdeorras e o oeste do zamorano de Porto. Para chegar a esta paraxe o promotor pretende que se abran tres novas estradas cunha lonxitude total de 23,5 Km e unha explanación de ata 14 m; nalgunha a pendente acadaría o 10%.

Ademáis tenderíanse 20 Km de lí as eléctricas, xunto cos transformadores correspondentes e construíríanse edificios, depósitos, viales, dazaoito ou dazanove pistas de esquí, un heliporto e un aparcamento para 1600 vehículos (1.500 particulares e 60 autobuses). Este gran aparcamento da idea da magnitude das obras a realizar tendo en conta que equivale a 19 ou 20 campos de fútbol.

A auga potable captaríase dos mananciais existentes nos cumios de "O Xencianal" e a destinada o uso industrial extraeríase do río Xares. Para almacena-las enormes cantidades que necesita a estación, construíríanse grandes depósitos.

As augas residuais trataríanse nunha depuradora dimensionada para unha poboación de 2.500 habitantes. A depuradora vertería no río Xares, ó que tamén irían a parar as augas pluviais e as de escorrentía.

A superficie total ocupada sería de 600 ha, algo menos que a urbana correspondente a capitalidade provincial que é de 880.

En canto a afluencia humana manexase a cifra de 250.000 persoas

por ano, coa presenza diaria de 3000 ou 7500, segundo as fontes. Conven suñar que o concello de A Veiga, cunha superficie de 29.049 ha, ten unha poboación de 1498 habitantes, cunha densidade de 5,1 por km².

2.1.- Custe do proxecto.

Na entidade xurídica que pretende crear o promotor para poñer en marcha o proxecto, a inversión inicial privada é dun 10 a un 20%; o resto é diñeiro público de institucións as que se lles fixa unha cota en función da súa influencia e peso político. A forzada inclusión da Comunidade veciñal, que é unha entidade xurídica privada, resulta obrigada por se-la propietaria dos terreos comunais nos que se pretende ubicar a explotación de esquí. A súa aportación en terreos valórase en 50 millóns de pesetas, equivalentes o 5% dos 1000 millóns iniciais.

Así, descontando a participación veciñal, a inversión pública sería dun 75 a un 85%. O parecer ista porcentaxe descendería ó 40% no transcurso da denominada 1 fase do proxecto, baseándose nas hipotecas sobre as obras realizadas cos 950 millóns iniciais e con créditos bancarios.

En canto á necesidade destes créditos e hipotecas non queda clara si como se afirma hai un grupo de inversores locais que xa te en cubertos 4000 millóns de pesetas.

A participación da Xunta de Castela-León non parece consolidada e, pola súa banda, a Comunidade veciñal esixe o pago anual de 20 millóns de pesetas como arrendamento dos terreos, cantidade que o promotor considera imposible de pagar co volumen de ingresos previsto.

2.2.- Postos de traballo.

Dos que se indican, seis corresponden á dirección; o que representa O 10% do total en tempada alta e o 20% en tempada baixa. Estos postos directivos considéranse fixos e aproximadamente representan o 33% dos soldos do persoal.

2.3.- Efectos sobre o medio ambiente.

A estación de esquí ubícase na zona de maior altitude de Galicia, característica que, ata agora, mantivoa relativamente illada e conservada. Os impactos negativos que a explotación xeneraría sobre a xea, flora e fauna virían determinados, mentras se desenvolven as obras, en primeiro lugar polos movementos de terras e as ocupacións de solo para a urbanización propiamente dita, as pistas de esquí e os remontes; en total unhas 80 / 100 ha. Amáis existe unha zona de influencia doutras 500/520 ha, tamén afectada por edificacións de varias clases, captacións de auga, depósitos, viales e estradas.

Os impactos inciden directamente sobre aspectos físicos tan importantes como os cumios, as cabeceiras e concas dos ríos Xares e Bibei e as lagoas glaciares que aínda se conservan. Así nos cumios, relacionados de norte a sur, construíríanse as seguintes obras:

Pena Negra, (2119 m de altitude s.n.m.): telesilla cuatriplaza e hangar.

Pena Trevinca, (2127 m de altitude s.n.m.): telesilla cuatriplaza e hangar.

Cumios de O Xencianal, (2029, 2039, 2028 y 2042 m de altitude s.n.m.): captación de manantiais de auga potable; construción dun depósito de 500 m³; construción dun edificio para tratamento e bombeo. Estos cumios distan uns 600 m. en dirección S.O de Pena Trevinca.

Alto da Xurbia, (2053 m de altitude s.n.m.): telesilla cuatriplaza e hangar.

Piatorta, (2010 m apróx. de altitude s.n.m.): telesilla cuatriplaza e hangar.

Zona intermedia entre Pena Negra e Pena Trevinca: Edificio, cafetería, fosa séptica; depósito de 15.000 m³ para auga industrial; compresores, circuitos e 80 cañóns de auga.

Edificio Pico: Cafetería, fosa séptica, garaxe para motos de neve.

Edificio en zona de ampliación: similar ó anterior.

Ríos e concas.

Río Xares: Unha ponte para o vial da urbanización; pistas de esquí e catro pontóns para as mesmas; captación de auga industrial; depuradora na marxen esquerda, no límite perimetral da estación; urbanización de 500 m de marxes. Ó río verterían directamente as augas pluviais e as de escorrentía.

Regato da Xurbia: un pontón para a pista de esquí e a propia pista.

Regato do Escabadoiro: canalización e reforma á entrada da estación. O regato verterían directamente as augas pluviais e as de escorrentía.

Río Bibei: Afectado o río e toda a súa conca dende o pobo de Porto (Zamora) por unha das estradas de nova construción para o acceso á estación.

Lagoas de O Celo e A Serpe:
Afectadas por unha das estradas
de nova construción para o
acceso á estación.

Lagoas de Piatorta: Trasego de
persoas.

A destacar que os cumios afectados por obras e instalacións son as máis notables do Macizo, ó que dan nome, e constitúen a práctica totalidade das existentes na superficie delimitada para a estación. Unha das obras previstas, o depósito de 15.000 m³, equivale a unha construción que ocupa a metade dun campo de fútbol con tres metros de altura. Hai que considerar, ademáis, os vertidos e escombros xenerados polas obras e as repoboacións con especies botánicas exóticas ou foráneas para xardinería e arborado de adorno.

Na fase de explotación, xunto coas ocupacións xa realizadas, os impactos serían producidos polo tráfico automóbil ó longo das estradas de acceso e na estación, con vertebrados atropellados, contaminación, ruído e basura, engadido ó que xeneraría a elevada presenza humana, con pisoteo de grandes superficies, ruído e desperdicios. Ó respecto indicar que os R.S.U. serían de tres a oito Tm./día.

2.4.- Efectos sobre a fauna e flora.

No Macizo contabilizáronse 1 peixe, 12 anfibios, 13 réptiles, 100 aves e 36 mamíferos. Para algúns anfibios Trevinca sinala o límite altitudinal da súa distribución coñecida; hai un endemismo monotípico como é a Salamantica galega (*Chioglossa lusitanica*), que acada na zona os 1.300 m. Outro endemismo ibérico o Limpafontes común (*Triturus boscai*), chega ós 1600 m.; o Limpafontes verde (*Triturus marmoratus*) está presente ata os 1.700, a Ra patilonga (*Rana iberica*), a Estroza (*Hyla arborea*) e a Ra verde (*Rana perezi*) ata os 1.800 e o Sapo correqueiro (*Bufo calamita*), o Sapo cunqueiro (*Bufo bufo*) e a Rá vermella (*Rana temporaria*), que chegan ós 1.900 m.

Tamén os réptiles están presentes en Trevinca, con varios endemismos, como o Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*), ata os

1500 m., a Lagartixa da serra (*Lacerta monticola*, presente dende os 1400 m. e a Lagartixa galega (*Podarcis bocagei*), que acada no Macizo os 1850 m. de altitude. Existen amáis outras especies eurosiberianas como a Cobra lagarteira común (*Coronella austriaca*), e mediterráneas como o Lagarto arnal (*Lacerta lepida*), o Esgonzo común (*Chalcides chalcides*), a Cobra rateira (*Malpolon monspessulanus*), a Cobra lagarteira meridional (*Coronella girondica*) e a Víbora de Seoane (*Vipera seoanei cantabrica*).

Entre as aves destaca a presenza da Aguia real (*Aquila chrysaetos*), o Butre leonado (*Gyps fulvus*), a Perdíz charrela (*Perdix perdix*) ó bordo da extinción, o Búfo real (*Bufo bufo*) en idéntica situación que a anterior, o Merlo rubio (*Monticola saxatiles*), a Choia biquivermella (*Pyrrhocorax pyrrhocorax*), a Gralla cereixeira (*Corvus monedula*) e o Corvo viaraz (*Corax corax*). O Somorgullo pequeno (*Podiceps ruficollis*) niñifica na Lagoa de O Celo, xa no límite altitudinal da especie polo que a súa niñificación pode considerarse como excepcional. Nesta lagoa tamén está presente o Alavanco real (*Anas platyrhynchos*).

En canto ós mamíferos destacan o Lobo (*Canis lupus*), o Raposo (*Vulpes vulpes*), o Armiño (*Mustela erminea*), o Tourón (*Mustela putorius*), a Marta (*Martes martes*), a Garduña (*Martes foina*), o Teixugo (*Meles meles*), a Londra (*Lutra lutra*), a Algaria (*Genetta genetta*), o Gato bravo (*Felis silvestris*), o Porco bravo (*Sus scrofa*) e o Corzo (*Capreolus capreolus*).

Na **flora** hai que sinala-la presenza de numerosos taxóns con maior ou menor grado de endemismo. Ó respecto indícanse unhos 25 ou 30 dos cales polo menos 12 serían endemismos exclusivos de Trevinca. Na realidade o coñecemento actual e a investigación das especies botánicas, neste e noutros macizos ourensanos, no é o axeitado e se precisa tempo para a realización de estudos de maior profundidade.

Como endemismos exclusivos de Trevinca citanse os seguintes: *Agrostis tilenii*, *Campanula cantabrica occidentalis*, *Desmazeria marina pauciflora*, *Dianthus merinoi*, *Genista sanabrensis*, *Helianthemum croceum rothmaleri*, *Jasione brevisepala*, *Luzula caespitosa*, *Potentilla recta asturica*, *Santolina rosmarinifolia semidentata* y *Thymelaea coridifolia dendryobryum*.

2.5.- Protección legal

O Macizo de Trevinca é un espacio natural protexido, dende xuño de 1991, polas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamiento da Xunta de Galicia e polas Normas Subsidiarias de Planeamiento de A Veiga aprobadas o 15 de abril de 1997. Amáis, dacordo coa transposición ó ordenamento xurídico español da Directiva 92/43/CEE, figura incluído na Rede Europea Natura 2000.

A Xunta de Galicia non tivo mais remedio que incluílo provisionalmente no "Rexistro Xeral de Espacios Naturais", por Orde do 7 de xuño do 2001, publicada no Diario Oficial de Galicia n 118 do 19-06-01.

3.- Conclusións

O éxito económico da explotación proxectada, descansa en subvencións públicas a fondo perdido. Non embargante a participación pública non parece necesaria si, como se afirma na prensa, hai un grupo de inversores locais que xa te en cubertos 4000 millóns de pesetas.

De cualquera maneira os ingresos previstos para unha inversión de 4500 millóns de pesetas non van producir os rendementos suficientes, segundo publica a mesma prensa que se ocupa de promociona-la explotación, para pagar o aluguer das 600 ha veciñais fixado en 20 millóns anuais.

As inversiones económicas e os postos de traballo que se crean, son obxecto dunha activa campaña de publicidade, que está xenerando unas expectativas esaxeradas, (concesión do Leader Plus, retorno de emigrantes, a solución económica para a zona e subvencións aseguradas de todo tipo, entre outras) para xustificar a utilización de fondos públicos. Non embargante no mellor dos casos crearíanse unhas cantos postos de traballo temporal e precario, que non acadan sequera os seis meses continuados, excepto para os directivos que é fixo.

Esta clase de proxectos, logo das presuntas ganancias empresariais iniciais, acaban sempre a cargo das Administracións Públicas, é dicir, pagadas as súas cuantiosas perdas e millonarios déficits por tódolos cidadans. Na provincia de Ourense hai dous

exemplos notorios que son o Clube Náutico de Castrelo de Miño e a estación de esquí, "Manzaneda Estación Invernal, Sociedad Anónima" (M.E.I.S.A.), da que por certo foi administrador prominente, durante moitos anos, o particular que agora promove esta nova aventura económica.

En canto ó medio natural, non existe salvagarda posible cunha explotación como a que se pretende e non parece probable, polo tanto, que se lle destinen fondos europeos. Así, o impacto sobre a xea sería moi grave, coa súa destrución na zona de obras e na superficie ocupada polas dezaioito, dezanove pistas de esquí, e total para a fauna e flora. Hai que considerar que, por exemplo, a densidade poboacional aumentaría de 5,1 habitantes por km² (media do concello moi superior á real da zona explotada) a 500 e aínda 1333 habitantes por km², dacordo coas cifras de afluencia publicadas.

A todo esto o promotor, como medida correctora concreta, construíría unha E.D.A.R. que unicamente depuraría un tercio dos vertidos residuais desta enorme poboación.

En consecuencia e

CONSIDERANDO:

Que a explotación construíríasen nunha das zonas máis sensibles do Espacio incluído na Rede Natura 2000 e con 600 ha urbanizadas, ocupadas e transitadas, afectaría a fauna, flora xea dos cumios principais e os nacementos de dous ríos e as súas concas e a dúas lagoas glaciares relictas.

Que se trata dunha actuación especulativa gravemente lesiva para o medio natural.

Que non parece polo tanto probable que se lle destinen

fondos europeos dalgunha clase, nos que precisamente basea a súa viabilidade.

Que dacordo co publicado, non xenerará beneficios suficientes nin para pagar o aluguer anual dos terreos sobre os que se pretende asentar.

Que actuacións como esta fanse posibles cando non existe, como no caso de Ourense e Galicia, unha Ordenación do Territorio nin plans para un desenvolvemento integral sostible.

Que no Plano Estratéxico da Provincia de Ourense, encargado polo Instituto Ourensano de Desenvolvemento a empresa LKS Consultores S.Coop., indicase como una necesidade "a ordenación do territorio, co obxeto de lograr una ocupación máis racional e equilibrada do espacio" e así mesmo preconizase "a creación dunha rede de espacios naturais protexidos."

Solicítase:

Que ó amparo da normativa comunitaria e española vixente e no uso das atribucións que lle competen, a Deputación Provincial de Ourense, asegure a conservación íntegra deste espacio natural, impida a construción de estradas e calquera outra obra lesiva a cargo do Plan Leader Plus, non destine

subvencións ou axudas para a súa destrución e rexeite esta iniciativa particular que, ó igual que outras e polas súas cuantiosas perdas económicas, acaban sempre "socializadas", con cargo ós presupostos do Estado ou das Comunidades Autonómicas.

O que se lle comunica por acordo de 05-02-2002 tomado pola Xunta Directiva da Delegación en Ourense, da Sociedade Galega de Historia Natural.

Ourense, 6 de febreiro de 2002

[SGHN](#)